

**Frantz Ferentz**

# **Círculos excéntricos**



© Texto: Frantz Ferentz, 2011.

© Lastura, 2011. [www.lastura.blogspot.com](http://www.lastura.blogspot.com)

## **Creative Commons**



Alcálma by Xavier Frias Conde is licensed under a Creative Commons Reconhecimento-Não comercial-Sem obras derivadas. 3.0 Espanha License.

All rights reserved worldwide.

# **CÍRCULOS EXCÉNTRICOS**



**A**cabas de marchar e xa emano tristura polos poros, como un guéiser en compresión. Deixaches enriba da mesa o pano rosa e mais o libro que che agasallara. Non sei se por descoido ou porque non che interesan, simplemente, ficaron enriba da mesa. Vexo os restos de curri no prato e na mesa, dicías que agora che presta, que non sabes por que, aínda que antes nin o catabas. Eu sorrío, non sei o que dicir realmente, non che me vai o curri. Non quero recoller a mesa, quero deixala así para sempre, que me lembre a ti, quero saber que sigo a ser importante na túa vida, quero que algún día volvas e leves o pano e mais o libro, porque xa che dixen que eu son xeneroso, que comparto todo, agás os paquetes de café, eses non os dou a ninguén, é unha estraña zuna, mais sonche así, que queres. Vai ficar así a mesa, con restos de curri e sen recoller, talvez anos, décadas ou séculos, a recordarme que unha vez estiveches aquí e que che gustaba o curri.

**V**éxome a entrar na túa casa. Teño a impresión de que axiña ficaría envolvido nese halo de angustia que ti mesma teciches ao teu redor. Fun un parvo ao pensar que, despois de ve-la túa foto en biquini, ía poder entender como unha muller coma ti se conserva tan ben. A miña soidade pensei que ía levarse coa túa, mais a miña soidade é temerosa, a túa, en troques, é brutal, envurulla todo, quere envurullarme tamén a min coa miña soidade. Fasme sentir coma o macho da barbantesa, teño a impresión de que me queres para ter sexo e despois, en vez de me devorares, vasme zuga-la enerxía pouco e pouco, até me converteres nunha alcatifa, en algo decorativo aos pés da túa cama, para despois procurares outro parvo que se fixe en ti, que se deixe arrastrar polas túas bágoas metálicas. Non, non apañarei o telemóbil para te ligar. Sei o que vai pasar. Desculpa. Aínda ben que ti e mais eu nunca nos teremos coñecido.

**H**oxe, na porta da casa, alguén tiña escrito nun grafiti o teu nome con letras enormes. Xa sei que non se refería a ti, mais quixen pensar que si. Desde que marchaches, esta cidade está demasiado limpa, teño saudades de cando a emporcallabamos entre nós os tres, co Afonso, lembrás? O Afonso segue por aquí, ás veces quedo con el para tomarmos unhas cervexas, mais faltas ti. Pregúntome todos os días por que non volviches, e cando digo volviches, refírome á volta do teu espírito, non do teu corpo, xa sei que alí tes traballo e aquí ías morrer de noxo, non te podes alimentar de cervexas, coma nós. Aínda te procuro pola rede, sei que estás aí, mais tranquila, non te espreito, non che son así, só quero verte, de lonxe, tras unhas letras, nun batepapo ou no muro dunha rede social. Si, son eu ese que che parece que é, mais non cho vou confirmar. Se aínda fica unha físgoa na pantalla do teu computador, talvez un día por ela me escoe en forma de icona incomprensíbel, porque sempre, sempre, teño medo que me recoñezas.

**U**nha vez ameite. E pregúntome se aínda te amo, mais non me dou respostas, por acaso. Cando volvín a atoparte, pensei que o destino xogaba ao me favor, que me puña de novo no teu camiño. Pensei, as casualidades non existen. Poida que non, mais o destino foi un cabrón, porque a túa indiferenza me esgazou de novo a pel e a túa amargura me alcanzou o sangue. Quixen cruzar a miña lingua coa túa, mais a primeira palabra que che aventei fulmináchesma coa mirada. Aínda ben que era unha palabra e non eu mesmo, pensei. Porfiei. E matáchesme dúas veces, ou tres, xa perdín a conta, de esguello e sen inmutarte. Non, non mudaras, éra-la mesma, capaz de espir un fado so a ducha, capaz de aprender a recitar Pessoa de memoria. Mais volvín. Talvez porque toda a dor que me causas é o único combustíbel que me funciona. Si, son un masoquista, un masoquista de ti, mais espero que non o saiba ninguén, e ti menos aínda.



Ás veces soño que apaño un eléctrico en Lisboa, alí na Praza do Comercio, e que cando descendo estou na Praza Staroměstská de Praga, todo no mesmo eléctrico, sen transbordos, sen paradas. Pode ser que o feito de ter lido Kafka me torne un paranoico, mais mesmo así son un paranoico simpático, inofensivo, incapaz de montar no transporte público sen pagar, aínda que por veces quito o condutor e levo o tranvía por onde eu quero. Non, non o fago realmente, só o imaxino, porque na miña vida é todo imaxinar, viaxar por eses lugares que tanto adorei, lugares onde a miña vida era o percurso dun sorriso. Daquela soñaba. Agora tamén. Por iso só podo viaxar coa memoria. Talvez algún día, pola porta da casa, pase un eléctrico sen número. E talvez, quen sabe, me agasalle un corpo, un corpo que faría viaxar en eléctrico desde Praga até Lisboa.

**N**on quería medrar. Medrar foi frustrante. Cando medrei, sen ter que aprendelo, namoreime. Era doado namorarse mais non desnamorarse. Estúpida paixón, que forma de malgastar bágoas. Amar é un luxo que non me podo permitir. Por que tiven que namorarme dunha, de dúas, de tres, de catro...? Eu prefería a infancia, cando elas ficaban lonxe, cando un solpor era só iso, un sol covarde que fuxía. Disque a velleira é un retorno á infancia. Elas xa non volverán a fixarse en min, estarei só, como sempre quixen, comerei, durmirei e vivirei embaixo dunha mesa, se ese for o meu desexo. Por iso, sento aquí todas as tardes, preto da porta, co caxato pronto, se por acaso a velleira petase na porta.

Cada vez que vou colle-lo bus, hei pasar por diante do cuartel dos gardas. Gustaría de poder rodealo e evitalo, mais non podo, a rúa non se torna invisíbel. Sempre hai algún na porta –de garda como din–, mais sei que non, que espían coa man nos testículos, seu centro vital. Son os fillos daqueles que se teñen vendido aos poderosos, sempre con uniforme de mercenarios, créndose eles mesmos poderosos por teren a pel de uniforme. Gustárame sabe-lo que pensan de min cada vez que, en eu pasando pola beirarrúa, contan trabucándose os meus pasos, fitan a ollada na miña mochila e tentan escruta-lo meu silencio. Sei que me controlan, que dentro da vila me teñen por unha estrañeza, non son daqueles que baixa a ollada cando pasa ao seu carón e iso fódelles moito, si fódelles porque saben que sei o que son. Porén, non podo evitar pasar por diante do cuartel, hei colle-lo autobús a cada mañá cando me exilian da vila. E eu, a cada tarde, sen eles sabéreno, retorno, noutro autobús e con outra sombra, até a outra mañá en que me volven a exiliar e teño que rever e teme-los putos gardas.

**S**empre desexei que foses muller. Xa sempre paso horas á túa beira, non me cansan nunca os teus aromas nin os teus roces. Non cansas, non cansas, non me cansas. Oxalá foses muller, con coxas e peitos e laios e beizos e suspiros; humidade non che falta, mais podes matarme só con falar-me. Non podo vivir sen ti, por iso ves que de noite atraveso a autoestrada, salto a ponte e veño visitarte. Oxalá foses muller e soubeses falar-me. Cando te toco, sei que te preciso, adoro pasearte, imaxinar o transcurso das túas pisadas, o traxecto dos teus milenios, tantos que xa tes. E prego porque sexas muller, aínda que aprecio a túa fidelidade, é a maior que me profesaron, sempre cando veño estás aí, á miña espera, a me ruxires. Oxalá foses muller, mais entendo que sempre serás río.

**E**sta mañá, cando me erguín, vin que o salón da casa estaba poboado de bolboretas. O sol entraba pola xanela timidamente, tentaba facelas danzar e elas deixábanse, en ondas, abrindo e fechando as asas sen ritmo aparente. Ficaba primavera alí dentro, embora fose inverno alí fóra. Eu contemplaba absorto tanta beleza, cun copo de señaardade na man, a pensar en ti, que marcharas a noite anterior, deixándome, como desconsolo, aquelas bolboretas de po –ou de tinta– e tanta, tanta soidade.

Cando te coñecín, eras case aínda unha cativa con coletas. Aquel modo espontáneo de partillar lembranzas de devanceiros comúns fíxome chorar, ás escondidas, si, e a ti tamén, aínda que o disimulaches mellor. Foi só un café que tomamos xuntos, naquel vetusto café onde aconteceu que a túa bisavoa e a miña foran a mesma persoa. Despois fuches embora, para sempre. Agora es unha deusa máis, desas deusas vulgares que até feden a papel maché, finxindo orgasmos con cada libro que publica. Áchote mesmo máis fea, mais non cho podo dicir. Nin sequera te decataches de que me convertín nesa túa personaxe tan querida que repites en todos os teus romances.

**T**odos os libros da casa teñen po. E as andeis. E os cadros. E os vidros. Todo nesta casa está cuberto de po. Non o limpo. Non quito nunca o po. Non é que eu sexa un cocho, é simplemente que adoro poder pasar o dedo por calquera parte da casa e debuxar ou escribir. Fágoo sobre o po, creando camiños que despois se tornan imaxes ou palabras. Para min o po ten un valor especial, quéroo sempre na casa, como unha nube silente que dá vida aos meus anceios. Toda esa miña creatividade é efémera, seino, porque sobre os vieiros que abro co dedo volve a instalarse novo po. Porén, teño a impresión de que o que escribo e debuxo no po fica nalgures. E estou contento. Así, cando alguén queira saber o que compoño, só ten que deixar as xanelas abertas da casa e deixar que o po pouse dentro. Partillemos, xa que logo, o noso po.

**M**étome na ducha, coa auga tépeda e noto a calor que envolve o meu corpo. Disque son reminiscencias do tempo en que estiven no útero materno, envolvido polo líquido amniótico. Pode ser, mais tanto ten o que foi, gusto do que é. Impórtame un carallo a conta da auga e do gas, paso horas aquí embaixo a deixar a caer a auga tépeda sobre min, sen esperar nada de fóra, oxalá puidese vivir aquí embaixo. Porén, hoxe vexo que finalmente o meu corpo comeza a descompor, en tiras finas vai fuxindo polo sumidoiro, mesturado coa auga tépeda. Calculo que en dous día a este ritmo xa me terei desfeito de todo. Xenial. Mágoa que non poida ve-la cara que porán os do banco cando vexan que xa non lles vou paga-la hipoteca porque non serei máis ca auga... talvez xa nin tépeda.



**T**i non sabes quen son eu, mais tanto ten. Tampouco non sabes nin onde vivo nin por que me intereso por ti. Mesmo así permítome escribirche, cubrir este pano da mesa cos meus sentimentos. Só quero que saibas que devezo por toca-la túa pel, por pasa-la miña man polo teu pube saltando a fronteira das túas bragas até ouvirte xemer baixiño. Deus, como me presta. Sei que ningún te fará sentir mellor ca min en silencio e ás escuras. Saberei invadirte até alcanzares a paranoia. Talvez sempre estiveren namorado de ti e hoxe pensei que cho debía dicir. Tanto ten que non me coñezas. Abonda que leas esta carta, non te ofendas porque a escriba nun pano da mesa e a deixe á súa sorte nunha mesa calquera. Podo facelo, teño valor de facelo, porque sei que es perfecta para min. Si, perfecta, porque non existes e a túa inexistencia me excita máis a cada día.

**E**mpurráchesme até aquela aldea. Eu non quería ir, ben o sabes. Primeiro fixéchesma coñecer a través da internet, despois insistiches que unha fin de semana me levaría a coñecer as súas rúas e as súas xentes. Non sei porque che fixen caso. Fomos até alí co auto, a un lugar que non marcaban nin os roteiros nin o navegador. Aquela néboa que envolvía os rostros dos anciáns, aquel río estupefacto, aquelas ruelas como serpen-tes que até mordían... Non gustaba daquilo, mais ti insistías, corrías coma unha nena por aqueles labirintos da desmemoria. Ía un frío que zugaba a vida, insinueite que quería volver, ti non escoitabas e seguiches a correr, até eu te perder de vista. E aquí sigo, no labirinto, a ver pasa-las estacións, sorrindo aos vellos con expresión de deficientes cada vez que me atopo con un, a procurar a saída desta aldea que ti inventaches como grupo nunha rede social calquera que acabarás por esquecer e, se cadra, até borrarás do teu computador, deixándome aquí esquecido.

**F**icaches sorprendida porque che felicitei o teu aniversario cunha mensaxe ao telemóbil. Xa non sabes nin quen son. Pensaches que alguén que ten boa memoria despois de tantos anos, mais nin remotamente pensaches en min. Porén, non é cuestión de memoria, é que aínda te espreito a cada mañá cando saes da casa, cos teus zapatos de tacón a bate-la pel da beirarrúa; aínda que haxa máis de vinte anos que ti non me ves, eu véxote todos os días. Porén, eu non che falo, só te observo. Cando che cae un cabelo ao chan, precipítome a recollelo e por veces até me permito rodearte rapidamente pola cintura para saber se continuas a ulir a xabón de azucenas. Mais ti nunca o notas. Podo observarte na rúa, mañá tras mañá, e ti nunca me notas, porque non imaxinas que a brisa brincalleira que te acariña as fazulas son eu, aquel eu do pasado que nunca te abandona.

**F**ico a observa-lo barrio desde a miña terraza. O sol descende amodiño, a friaxe vai ocupando non só o ar, mais tamén a miña memoria. Abaixo, no parque, os primeiros bébedos toman posicións nos bancos, a noite será longa. Apalpo a miña soidade, ti non estás, como sempre, e non logro verte alén dos predios do outro lado da rúa, nin no reflexo dos vidros das casas de fronte, se por acaso te mudaras a algunha, non o sei, francamente, porque gustabas deste barrio, sempre quixeches vivir aquí. Gustaría de quitar a camisola, as calzas, os peúgos e ficar nu fronte a toda esa xente que corre para volver á casa, talvez eu soportaría a friaxe, mais eles nin se decatarián, porque nunca se decatan da miña presenza. Como máximo, se saltase desde a terraza cara ao chan, sentirían o meu berro final e un golpe brutal no asfalto. Non poderían ve-lo meu sangue, aínda que se cadra esvararían nel. Por iso me abandonaches, porque non me ves, porque é complicado, seino, convivir con alguén que é invisíbel.

**N**on sei que ten que ver a miña vida cunha máquina comecartos coma ti. Porén, aquí estou, a ollar para ti, a ouvirte, hipnotizado pola túa música e as túas luces psicóticas. O dono do bar non entende como podo vir ao seu local e ficar horas ao teu lado, sen te botar unha moeda. Para disimular, pido unha auga mineral sen gas e fico alí de pé, a ollar para ti, finxindo que non oio os comentarios dos parroquianos do bar a me arredaren, claro que os oio, mais o que podo facer? Non vou renunciar a pasa-lo tempo ao teu lado. Xa non pretendo entender nada, por que fico ao teu carón, só quero estar contigo, deixarme asolagar polas túas luces e esperar que algún día saia tres veces o meu nome nas túas pantallas. Ese día significará que me amas. Entrementres, fico á espera, es a miña derradeira esperanza.

**N**on ábra-la boca. Non. Detén os teus impulsos. Morde os beizos se for preciso. Se a abres, hasme perder para sempre. Irei fóra, desaparecerei co vento, heime diluír. Nin unha sílaba máis ficará enleada no teu cabelo nin unha oración, que non pregaria, hache descender polas fazulas para despois enveredar cara ao pescozo até alcanzar o teu peito, evitando escotes e sosténs tiránicos. De feito, ti xa non serás ti. Por iso, non ábra-la boca, engule as palabras, non digas nada, porque se o fas, sairei e non voltarei, porque son a túa única lingua.

**P**odería convencerme de que ter naufragado aquí é o soño da miña vida, porque estou en contacto coa natureza, non teño que aturar ninguén, non hei traballar. Esta illa ha se-lo paraíso, clima tropical. Non teño saudades nin dunha muller. Até podo pensar, pensar, pensar enriba dunha árbore ou a pasear pola beira do mar. Con todo non son feliz. Até esta mañá non entendía por que, cando acontece que o teño todo. É triste ter que recoñecelo, mais é así. Náufrago perfecto son, mais infeliz porque me aturo. Si, aturarme a min mesmo está a me matar, amárgame este naufraxio. Se algún día me rescatasen, oxalá puidese deixarme a min mesmo alá lonxe, nesta illa.

**A** creditei o que dicías de ti, que eras unha deusa. Pensei que era a miña obriga acudir aos templos para te adorar. Considerei templos mesmo os bares en cuxas paredes penduraban fotografías de ti, con eses caracois que che percorren a cabeza e que che dan aparencia de deusa meniña. Mesmo che puxen candeeiros e queimei variñas aromáticas con a miña mellor vontade, mais evidentemente non serviu de nada, eu non teño nin tiven nunca fe, sempre foron crenzas. Porén, cando aquel día pasaches ao meu lado, con présas, no medio da rúa, e te vin fumando, comprendín que ti non eras unha deusa. Daquela tiven a impresión – non teño certeza, confírmamo ti– de que as escollidas –iso creste ti, non?– téde-la pel de papel. Idiota, e que farás, se algún día, da que fumas, che cae unha faísca na pel? Vas queimar toda. Mais iso, a ti, tanto che ten, porque che soa tan místico, e, se cadra, até en combustindo, tes certeza de desprender olor a incenso.



**N**on quero abandonarte aí. Fuches sempre fel e agora non entendo por que temos que nos separar. Sabía que isto acontecería tarde ou cedo, mais non imaxinaba que o rexeitaría tan vehementemente. Seica nestes instantes da miña vida é cando descubro que son vehemente, ou talvez simplemente síntome impotente afeito e reaxo como un bobo, como a esperar que alguén neste parque, ou xardín, ou o que for, se apiede de min e me diga algo que me faga acougar. Quixen aceptar isto desde hai moito tempo, mais é ben certo que son imprevisíbel para min mesmo. Porén, calquera reaxiría coma min vendo algo tan amado a xacer inerte, verte a ti, o propio corpo, exánime... Morrer era isto, xa o sabía, mais esperaba poder despedirme de ti, meu corpo. Hei ver alguén, alguén ha de haber por aquí, porque alguén aparecerá, penso eu. Vou ver se alguén me explicar se existe a reencarnación. Mais non sei por que, xa non serás ti o meu corpo...

**P**or veces gustaría de me tornar un ser eléctrico, un ser composto por unha ringleira de electróns, capaz de viaxar por un cabo, de salpicar letras no túa pantalla, de ser unha onda capaz de se converter en voz. Non aturo máis estar sempre só, sempre só, diante deste computador, mentres ti estás diante do teu computador, estou farto do tacto virtual, estou farto dos píxeles que tentan descifra-lo teu sorriso. Xa abonda. Por iso, decidín comprar un billete de eléctrico e viaxar até ti. Só espero atopar algún eléctrico que atravesese marés, baías, mares e océanos, e particularmente que teña wifi, para, entrementres, seguir a chegar en ondas até ti.

**N**on facías máis ca dicirme que querías que nos coñecésemos en persoa cada vez que me deixabas unha mensaxe no atendedor. Porén, eu sempre calaba. Tiña medo, mais non do que pensases de min, que ficases deludida por como son... non, eu tiña medo de ti, de que me atenzases cun sorriso acedo, cunha frase cargada de cenizas, cun paseo collidos da man por unha rúa que xa non existe. Púñasme medo, conféssoo, moito medo. Por iso, cando entraches no bar onde fixáramos o noso encontro, eu finxín non te recoñecer. Custoume moito enganarte, facerche pensar que eu non era máis ca unha fotografía, mais has perdoarme, non tiven valor de me presentar a ti. Se chego á conclusión de que de verdade non te temo, fareicho saber. Dáme un número de fax para eu che me enviar, por acaso...

**D**ecidín ser vagabundo de luxo. Por iso, fiquei a vivir nunha góndola. Agora é meu lar, até os turistas pensan que son un gondoleiro bohemio e pídenme que os leve. Non o fago nin cando teño síndrome de ausencias, mais cando a melancolía me come as entrañas, inclusive canto algunha aria para os estraños me botaren moedas, moedas que caen á canle. Porén, prefiro vagar polas canles, sobre todo de noite, na miña góndola de fume, a tentar inutilmente capturar reflexos da lúa... É bo ser unha pantasma nesta cidade onde o Entroido dura todo o ano, aquí as pantasmas somos ben consideradas. Con todo, teño medo que Venecia afunda. Non sei daquela onde vagarei o resto da eternidade... Talvez escollín mal o lugar onde vagar como ánima en pena.

**N**on dou entendido por que non che digo que non. Demorei algún tempo en entenderte, mais agora vexo que me absorbes algo máis ca enerxía. Cada vez que estou preto de ti, mesmo cando ti me falas ao teléfono, comezo a me sentir máis e máis feble. Alguén me dixera que es un vampiro, mais non un deses que zugan o sangue, senón desoutra caste moito máis perigosa que absorben a enerxía e mais as esperanzas até baleirala súa vítima. Se foses un vampiro normal usaría algo ou calquera deses remedios caseiros, mais contra ti, non sei o que usar, non sei como evitar que me chupe-la miña esencia vital. Con todo, comezo a pensar que a túa máis mortífera arma é a pena. Si, a pena, porque fas sentir pena ás túas vítimas e así dámosche toda a nosa enerxía. Maldito, maldito sexas...







**LASTURA**